

# Galicia Hoxe, anfitrión de Midas

**17-M** ▶ A asociación de xornais en linguas minoritarias, que agrupa un total de 31 diarios europeos, inicia hoxe a súa xuntanza anual coincidindo co quinto aniversario da cabeceira en galego do Grupo Correo Gallego ▶ Ánxela Bugallo inaugura o encontro, no que se outorgarán dos premios internacionais

REDACCIÓN • SANTIAGO

Hoxe comeza na cidade de Santiago de Compostela a Conferencia Internacional de Diarios en Linguas Minoritarias e Multilingüismo (Midas), que ten como antitrión o xornal Galicia Hoxe, do Grupo Correo Gallego.

A maioría dos membros desta asociación, que agrupa a un total de 31 xornais de toda Europa, estarán presente neste encontro no que se celebra, asemade, o quinto aniversario do nacemento de Galicia Hoxe.


A delegación chegada de países tan dispares como Lituania, Eslovaquia, Rusia, Finlandia, Reino Unido, Italia, Alemaña e Romanía serán recibidos na sede do Grupo Correo Gallego polo director de EL CORREO GALLEGO, José Manuel Rey Nóvoa, e polo de Galicia Hoxe, Caetano Díaz.

A sesión de apertura da Conferencia Internacional será mañá as 9.15 horas no hotel AC Palacio del Carmen da capital galega, e nela está previsto que interveñan a conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo; o presidente do grupo Midas, Toni Ebner, e o director de Galicia Hoxe, Caetano Díaz.

## Diferentes profesionais

Ó longo do día representantes da Universidade de Santiago de Compostela, como o catedrático de Ciencias da Información, Xosé López, e o reitor da USC, Senén Barro, impartirán senllas conferencias sobre a lingua.

Tamén estarán presentes pro-



Cartel do congreso do grupo Midas que comeza hoxe en Santiago

## PARA OS LECTORES

### Suplemento especial do grupo

Os lectores de Galicia Hoxe atoparán mañá neste xornal un suplemento especial de 24 páxinas, no que se dá puntual información sobre os xornais que forman parte da Conferencia Internacional de Diarios en Linguas Minoritarias

e Multilingüismo. Unha interesante información que pon de manifesto o traballo que se realiza en España e no resto de Europa a prol das linguas minoritarias. O suplemento coincide coa presenza en Santiago da delegación de Midas ■

fesionais do xornalismo, da informática e da lingüística, como Henrique Neira, Ana Boullón, Diego Vázquez, José Ramón Pichel, Xavier Cea, Pedro de la Iglesia e Salustiano Mato, entre outros.

A asociación Midas, que se creou no 2001 co obxectivo de coordinar estratexias e de estimular a cooperación entre os xornais en linguas minoritarias, tamén celebrará mañá a entrega dos premios Midas de Xornalismo e Otto von Habsburg na protección das minorías e a diversidade cultural en Europa.

O recoñecemento este ano recaeu sobre Jens Nygaard, xornalista do diario danés *Flensborg Avis*, de Alemaña, e Marius Cosmeanu, do romanés diario *Cotidianul*, respectivamente. O acto contará coa presenza do alcalde de Santiago, Xosé Sánchez Bugallo.

## Asemblea xeral

Por outra banda, e con ocasión da celebración da asemblea xeral, o romanés diario en alemán *Deutsche Allgemeine Zeitung* unirase ós membros de Midas participantes no encontro da capital galega.

O próximo sábado, e tras a aprobación do balance e das actividades de Midas para o vindeiro ano 2009, un representante do diario vasco *Berria*, a quen a asociación lle deu o seu apoio tras o peche da cabeceira do *Egunkaria*, presidirá o acto final desta Conferencia Internacional.

## DÍA DAS LETRAS

### Concerto na Capitol e libro de agasallo

O sábado, e coincidindo coa celebración do Día das Letras Galegas, Galicia Hoxe agasalla os seus lectores co libro *Xosé María Álvarez, un heroe galego*, escrito por Carme Hermeida e ilustrado por Mauro Trastoy. Para afondar máis na figura deste ilustre intelectual, o xornal tamén incluír un suplemento especial de 28 páxinas ó redor da súa vida e obra. Realizado polo coordinador da sección de Maré de Galicia Hoxe, Antón Lopo, recolle as opinións de distintos persoeiros da cultura galega sobre a figura do homenaxeado no Día das Letras. Todo de balde e como homenaxe ós lectores.

O colofón final con que Galicia Hoxe festexa o seu quinto aniversario é o concerto que o sábado se celebra na Sala Capitol de Santiago de Compostela coa actuación do gaitero Pablo Seoane, a música urbana de Marful e a música tradicional de Ophiusa. Un evento ó que están invitados todos os lectores deste xornal. Non hai máis que presentar dúas invitacións que todo os días se publican no xornal con sede na rúa Preguntoiro ■